



REGISTRO ACTIVIDADE VOZ NATURA

CURSO:2º E.P.

NOME DA ACTIVIDADE: Todos somos camiño.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE: Neste curso abordarase o tema do Camiño de Santiago dentro do proxecto de Voz Natura.

En 2º EP elegimos o Camiño de Inverno para profundizar e analizar diferentes aspectos das etapas que compoñen esta ruta. Cada clase de 2º elixe dúas etapas para abordar o seu estudo. Propoñemos a investigación sobre lugares de interese como igrexas, museos, monumentos, albergues, enclaves importantes ... e o estudo da fauna e da vexetación propia da zona. Os nenos buscarán información sobre a etapa que están a traballar e a presentarán aos seus compañeiros. Tamén se realizarán reproducións e maquetas fundamentalmente con material reciclado. Despois todos os traballos quedarán expostos no pasillo xunto ao corcho onde están representadas as dez etapas do Camiño de Inverno.

OBXECTIVOS:

- Identificar no mapa o Camiño de Inverno.
- Comprender e dar sinxelas explicacións de por que as persoas nican unha peregrinaxe.
- Recoñecer edificios e símbolos do Camiño.
- Fomentar a investigación e o coñecemento dos tesouros de Galicia.
- Mostrar actitudes de coidado e respecto polo medio ambiente.
- Concienciar nanecesidade de reutilizar os materiais e de coidar e protexer o planeta.
- Estimular a creatividade dos escolares e fomentar o traballo cooperativo.
- Valorar o esforzo individual e grupal á hora de lograr unha meta.
- Realizar durante o curso nas clases de E.F. o recorrido correspondente ás etapas do Camiño de inverno que empeza en Ponferrada.

MATERIAIS, RECURSOS E METODOLOXÍA:

Fundamentalmente utilizaronse materiais reciclados como caixas de cartón, plástico... Tamén material de papelería.

Os nenos divididos por aula prepararon os contidos da etapa do Camiño de Inverno que lles correspondía baixo o seguimento dos seus profesores.

Para motivar aos nenos utilizáronse vídeos, mapas, noticias, láminas, fotografías, trípticos informativos sobre o camiño, contos en galego e inglés... aínda que a principal motivación para eles foi saber que os seus traballos serían expostos onde todos os compañeiros e profesores poderían contemplalos.


Tamén foi motivo de gran alegría para os nosos alumnos poder participar nunha entrevista que Radio Voz fixo dende o noso centro para falar sobre este proxecto no que estabamos a traballar.

ACTIVIDADES REALIZADAS:





Os nenos realizaron multitude de traballos e maquetas onde plasmaron o seu interese e entusiasmo por investigar e coñecer diferentes aspectos relacionados co Camiño de Santiago. Amosaron unha grande creatividade e concienciación polo coidado da natureza elaborando moitas das maquetas con material reciclado. Cada traballo realizado foi presentado ao resto dos compañeiros de 2º para despois quedar na exposición do noso proxecto.


Unha das primeiras actividades que se plantexaron foi a de facer de forma simbólica as etapas do Camiño de Inverno. Así nas clases de Educación Física, cada día completaban un pequeno tramo da etapa facendo a kilometrada nas pistas exteriores e posteriormente marcando cunhas chinchetas o tramo realizado no mapa.



Outras actividades foron de recollida de información, maquetas, actividades plásticas... Deixamos aquí unha relación dalgunhas delas:







Representación dunha paisaxe coa ponte de Taboada realizado con materiais reutilizados, peixes feitos con envase de pasta de dentes, cámara de fotos elaborada con cartón e tapas de botella, un bote de caramelos para a concha de Santiago, unha compostelana feita a man.




Cunha caixa de cartón ,realizaron un recorrido a pé con imaxes de tipos de árbores, follas , comida típica, fauna da zona, monumentos...





Unha foto en relieve da Catedral de Santiago de Compostela con material reciclado.

Cartulinas indicando os lugares polos que íamos pasando e explicando o que era e o qu víamos en cada sitio.



Representación dos diferentes obxectos típicos do camiño a Santiago.

Murais con pontes romanas, igrexas e outros monumentos e símbolos destacados do camiño.



Peregrinos feitos de cartón coa súa vestimenta e símbolos característicos.




Xogos coma un laberinto no que un peregrino busca o camiño que o leva á Catedral.



Recreación do bastón do peregrino coa cuncha de vieira.



Achega de mostras da documentación acreditativa da realización do Camiño de Santiago.




Dous dos nosos alumnos presentaron tamén aos seus compañeiros unha poesía e un debuxo cos que foron galardonados o ano pasado nun Concurso de debuxo e poesía organizado pola Fundación Ingada.






*Donde la propia vida cobra sentido
desconocida al principio del camino,
con ánimo y aliento en cada latido,
cansado y contento viaja el peregrino.
En soledad y en compañía
se siente el caminante querido.
Ni en idioma ni en bandera se diferencia el camino.
Entre dificultades y nuevos amigos se comparte destino
con una meta en común y siguiendo la estela
por donde la vida nos guíe hacia Santiago de Compostela.*

Na clase lemos un conto en inglés sobre o camiño de Santiago “Way of St. James”.



Tamén traballamos con outro conto en galego “Marosa e Mariña camiñan a Compostela”. Neste conto ademais de abordar o tema do camiño dunha forma moi amena, tratamos o problema da contaminación dos nosos bosques e a necesidade de concienciarnos sobre o coidado da natureza.



CONCLUSIÓNS:

Para os nenos e nenas de 2º, O Camiño de Santiago era un tema descoñecido e, polo tanto, non tiñan moitos coñecementos previos, pero despertou neles unha gran curiosidade e o nivel de participación foi moi elevado.

Unha vez rematado o proxecto, facemos unha valoración moi positiva do mesmo, tanto do proceso coma do resultado final xa que consideramos que os obxectivos previstos inicialmente se acadaron e incluso se ampliou, en certa medida, o ámbito de estudio e investigación sobre o tema por parte dos propios alumnos, que estiveron dende o primeiro momento que se lles plantexou a traballo, moi motivados e aportaron moitísima información que plasmaron nos seus traballos. Tamén resaltamos a implicación das familias e a súa colaboración.

Este tipo de traballo amosa, unha vez mais, que hai moitas maneiras de aprender e os nenos e nenas de 2º mostraron unha gran autonomía convertíndose en protagonistas da súa propia aprendizaxe. Ademais fomentáronse valores moi importantes tales como o respecto polo traballo dos demais e o coidado da natureza. Insistiuse moito na importancia das 3 R (reducir, reutilizar e reciclar) e incluso os propios nenos engadiron unha mais: renovar, en referencia á necesidade de darlle un maior protagonismo e valor nas nosas vidas ás enerxías renovables.

Facendo una avaliación final do resultado podemos dicir que botamos en falta a posibilidade de ampliar o traballo cunha convivencia realizando a pé algunha das etapas da ruta elixida e poder así observar in situ todo o que se plasmou nos traballos acadando deste xeito unha aprendizaxe mais vivencial.